

ADDENDA CUARTA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA EN RELACIÓN COA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR AO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL PONTEVEDRA EN PONTEVEDRA.

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, o presidente da Deputación provincial de Pontevedra, Luis López Diéguez, actuando no nome e representación da institución provincial, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

I.- Que o 7 de xullo de 2021 a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación provincial de Pontevedra asinaron un convenio de colaboración para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar do alumnado do CEE Pontevedra en Pontevedra. O 27 de xullo de 2022 asinaron unha addenda ao convenio de colaboración para o curso escolar 2022-2023. O 6 de xullo de 2023 asinouse a segunda addenda para o curso escolar 2023-2024. A addenda terceira asinouse con data do 22 de agosto de 2024 para o curso escolar 2024-2025.



II.- Que as necesidades de uso do servizo de comedor escolar para o alumnado con discapacidade que motivaron o asinamento do convenio manteñen a súa vixencia para o curso escolar 2025-2026.

III.- Que a cláusula décimo terceira do convenio prevé a posibilidade de prórroga por cursos escolares completos, sempre que conste expresamente a vontade das partes asinantes do convenio.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo de garantir o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Deputación Provincial de Pontevedra acordan a sinatura desta cuarta addenda para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar ao alumnado do CEE Pontevedra con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, estender a vixencia do convenio asinado o 7 de xullo de 2021 durante o curso escolar 2025-2026.

Segunda.- Financiamento para o curso escolar 2025-2026

A consellería colaborará coa Deputación provincial de Pontevedra cunha achega de 3,36 euros por usuario, sendo a aportación máxima de 23.923,20 € (9.542,40 € no ano 2025 e 14.380,80 € no ano 2026), para un número máximo de 40 usuarios autorizados, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 07.01.423A.221.07 dos orzamentos xerais de gasto da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2025 e 2026.



Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda cuarta. consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura desta addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerase polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para o curso escolar 2025-2026 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda.

Estando conformes co estipulado, asínase esta cuarta addenda na data da súa sinatura dixital.

O conselleiro de Educación, Ciencia
Universidades e Formación Profesional
P.D. (Orde do 05.06.2024)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

O presidente da Deputación provincial de
Pontevedra

Luis López Diéguez

